



ORDENANZA N° 41:

**ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS
POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE
SUBMINISTRACIÓN DE LIBROS,
CATÁLOGOS, CERÁMICAS, E OUTROS ARTIGOS
DESTINADOS A DIVULGACIÓN DE ACTIVIDADES
REALIZADAS POLO CONCELLO**

—2019—



ARTIGO 1.- CONCEPTO

Serán obxecto destes prezos públicos a venda de libros, catálogos, cerámicas e outros artigos destinados á divulgación de exposicións, feiras, festas, cursos e, en xeral, actividades de carácter non obrigatorio realizadas polo Concello.

ARTIGO 2.- OBRIGADOS Ó PAGAMENTO

Serán obrigados ó pagamento destes prezos públicos os adquirentes dos artigos.

ARTIGO 3.- CONTÍA

1. As tarifas determinarase mediante aprobación en cada caso pola Comisión de Goberno sendo prezo máximo por unidade aquel que resulte necesario para a cobertura do custo da tirada e prezo mínimo o 50% daquel.
2. Este prezo irá recargado coa correspondente cota do Imposto sobre o Valor Engadido.

ARTIGO 4.- OBRIGA DE PAGAMENTO

Satisfaranse os prezos públicos regulados nesta ordenanza ó tempo de subministra-los artigos a que se refire o artigo 1º.

ARTIGO 5.- NORMAS DE PROCEDIMENTO

1. O servizo que acordase a venda de artigos deberá xustificar diante da Intervención de Fondos o seu custo total e número de unidades.
2. Realizará proposta á Comisión de Goberno para determina-lo prezo unitario de conformidade co artigo 3º.1) deste texto.
3. No prazo máximo de seis meses desde a súa aprobación, xustificará diante da Intervención de Fondos os ingresos efectivos realizados e as existencias, no seu caso.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril.